

Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por servizos de matadoiros, lonxas e mercados

ARTIGO 1. Fundamento Legal

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 20.4.r) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por Prestación do Servizo de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrexa de carnes se houbera de empregarse dun xeito obligatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2. Ámbito de Aplicación

A presente Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal de Gondomar.

ARTIGO 3. Feito impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación de Servizo de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrexa de carnes se houbera de empregarse dun xeito obligatorio, e servizos de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir no Concello de Gondomar, de conformidade co artigo 20.4.u) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

No caso da prestación do servizo de mercados, a utilización do mercado municipal incluirá:

- Utilización das instalacións e servizos, ocupando postos para a venda de artigos e produtos alimenticios e domésticos.
- Mantemento, garda, limpeza e inspección das instalacións, servizos, e postos de venda, e tódolos demás encomendados ao persoal que designe o Concello para cada función.

A contratación do suministro individual de auga e electricidade será de conta dos titulares dos postos.

ARTIGO 4. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que integran o feito impoñible e que se detallan na tarifa da taxa.

ARTIGO 5. Responsables

Responderán dá débeda tributaria os debedores principais xunto a outras persoas ou entidades. A estes efectos consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Salvo precepto legal expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

En relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 6. Exencións, Reducións e Bonificacións

De conformidade co disposto no artigo 9 del R.D.L. 2/2004 non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou acordos internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

ARTIGO 7. Cota Tributaria

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

ARTIGO 8. Devengo

Devengarase a Taxa e nace a obriga de contribuír:

- Servizos non periódicos: dende a data de presentación da solicitude de prestación do servizo ou actividade, se o suxeito pasivo formulásea expresamente
- Servizos periódicos: o primeiro día de cada ano natural, excepto cando se produza a alta no padrón, caso no que a percepción se producirá a partir dese mesmo mes.

ARTIGO 9. Réxime de Liquidación e Ingreso

A) Cando se trate de servizos non periódicos, no momento de presentar a solicitude de prestación liquidarase e ingresarase a taxa, sempre antes de prestalo servizo ou realizar a actividade.

B) Cando se trate de servizos periódicos: practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa. O cobro da taxa farase mediante Lista Cobratoria, por recibos tributarios, no período de cobranza que o Concello determine, expoñéndose dita lista cobratoria nos prazos, lugares e medios previstos pola Lexislación, a efectos de reclamacións polas interesados/Cotas establecidas e a recadación levarase a cabo mediante recibos de cobro periódico.

ARTIGO 10. Xestión

As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo terceiro desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o tipo de servizo e o lugar para o que se solicita e os demais requisitos que esixa o concello.

Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.

Cando remate a necesidade do servizo periódico, por cambio de propietario, etc., os suxeitos pasivos formularán as declaracíons de baixa no padrón da taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, procedendo a proratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Se se realiza a prestación do servizo ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa cando se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos nos artigos 60 e 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen prexuízo de abrirlo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria

ARTIGO 11. Infraccións e Sancións Tributarias

En todo o referente a infraccións e sancións, será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno do Concello de Gondomar, entrará en vigor no momento da súa publicación integra no Boletín Oficial da Provincia e comenzará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de ano seguinte a da súa publicación, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

A N E X O

A cantidade a esixir por esta taxa obterase por aplicación das seguintes tarifas:

1.—UTILIZACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL

| POSTO | SUPERFICIE | IMPORTE ANUAL |
|---|--|---------------|
| | Menos ou igual a 10 m ² | 155,02 |
| A) Postos fixos pechados, adosados aos laterais, segundo superficie | Máis de 10 m ² e menos de 20 m ² | 228,67 |
| | Igual ou Máis de 20 m ² | 406,27 |
| B) Bancadas | Por bancada | 87,32 |